



Axuda de libros de texto e material - Curso 2019/20

Beneficiarios

- Alumnado matriculado no curso escolar 2019-20 en Ed. Primaria, ESO e Educación Especial en centros galegos sostidos con fondos públicos.
Os libros de texto utilizados no curso 2018-19 nos niveis incluídos nesta Orde manteranse no curso 2019-20.
- Os requisitos económicos poden consultarse na web do colexio, no apartado: “Axudas e actividades”.

Presentación de solicitudes

- **As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica** a través da páxina <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>. Os que non usen esta vía, poderán presentalas persoalmente nos centros docentes descargando os anexos I e II nas páxinas: <https://www.edu.xunta.gal> ou <https://www.sede.xunta.gal>
- **Prazo: do 21 de maio ao 21 de xuño de 2019 (ambos incluídos)**
Esta solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria e o compromiso de devolver os libros en bo estado nas datas sinaladas.

Documentos acreditativos

- Orixinal e fotocopia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de que este libro non reflecta a situación actual:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.
- En caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar, documentación acreditativa.
- Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa resolución xudicial.
- Tutela ou garda da Xunta de Galicia. Acreditarase a resolución xustificativa do acollemento familiar ou o certificado do centro de menores.

Publicación das relacións de admitidos e excluídos

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Relación provisional▪ Reclamacións ás listaxes provisionais▪ Relación definitiva:<ul style="list-style-type: none">- 3º a 6º EP- 1º a 4º ESO | <p>11 de xullo de 2019
Ata 2 días despois da publicación da relación provisional.</p> <p>19 de xullo de 2019
13 de setembro de 2019</p> |
|---|---|

Devolución

- O alumnado deberá devolver os libros ao fondo solidario do colexio en bo estado e borrados **antes do 19 de xuño de 2019. O alumnado de ESO con materias pendentes para setembro deberá devolvelos antes do 4 de setembro.**
- A non devolución dos libros de texto será causa de exclusión da axuda de libros e material escolar.